

1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------|----------|---------------|
| 36020362 | de Valga | Valga | 2022/2023 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|----------------------|---------------------------|-------------------------|---------------------------------|------------------------|
| FME | Fabricación mecánica | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría | Ciclos formativos de grao medio | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-----------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0097 | Empresa e iniciativa emprendedora | 2022/2023 | 2 | 53 | 63 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|-----------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARIA YOLANDA CARBIA CASTRO |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación está elaborada dacendo ao determinado no Decreto 46/2010, do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Soldadura e Caldeiraría.

O devandito currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

O sector metalúrxico en Galicia, e en concreto na área de influencia do noso centro educativo, te un peso moi importante, tanto a nivel productivo e económico como na creación de emprego, polo tanto faise evidente a necesidade de formar profesionais de calidade que ocupen os postos que seguirá a demandar o mercado. As estruturas organizativas tenden a se configurar sobre a base de decisións descentralizadas, relacións funcionais do traballo en equipo, rotación de postos de traballo e canles de participación.

O perfil profesional deste título evoluciona cara a un incremento na toma de decisións propias acerca dos procesos baixo o seu control, así como en asumir as funcións de planificación, calidade, mantemento xeral e prevención de riscos laborais na pequena empresa. Nesta última hanse producir melloras nas condicións de traballo respecto á seguridade, e unha maior utilización de equipamentos de protección individual (EPI).

A evolución tecnolóxica estase a consolidar cara a un aumento da automatización e da robotización en xeral, seguirá o desenvolvemento de sistemas informáticos para o control das máquinas de corte e con-formación. As cisallas, pregadoras e curvadoras de rolos tamén incorporan control numérico (CNC); xeneralizarse o uso das máquinas de corte por plasma con control numérico (CNC). Aumentarán as máquinas de corte por láser e, en menor medida, as de corte por auga.

En determinados sectores, como o de construcción de material de transporte ferroviario, o de aeronáutica e o nuclear, requírese persoal soldador homologado baixo as normas de fabricación. E en soldadura, os equipamentos son cada vez más sofisticados, o que permite maior control dos parámetros de traballo (equipamentos de arco pulsado, sinérxicos ¿autómatas-, arco somerxido ¿SAW-, etc.) e, xa que logo, menor variabilidade nos resultados. Os robots de soldadura vanse xeneralizar en traballos repetitivos.

Incrementarase o uso da soldadura por arco somerxido, así como a MIG, MAG e láser, en detrimento da eléctrica convencional e da autóxena. Novas técnicas han permitir mellorar as soldaduras de materiais de difícil soldabilidade, como titanio, fundición de grafito nodular, etc. A recuperación e a clasificación de residuos e ferrallas, e o tratamento axeitado de residuos tóxicos e perigosos, fanse totalmente imprescindibles.

A competencia xeral deste título consiste en executar os procesos de fabricación, montaxe e reparación de elementos de caldeiraría, canalizacións, estruturas metálicas e carpintaría metálica aplicando as técnicas de soldadura, de mecanizado e de conformación, e cumprindo as especificacións de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental, o que lles permitirá exercer a súa actividade nas industrias de fabricación, reparación e montaxe de produtos de caldeiraría, carpintaría e estrutura relacionadas cos subsectores de construcións metálicas e navais, e de fabricación de vehículos de transporte, encadradas no sector industrial, ocupando postos moi diversos: Soldador/ora e oxicortador/ora; Operador/ora de proxección térmica; Chapista e caldeireiro/eira; Montador/ora de estruturas metálicas; Carpinteiro/eira metálico/a. Tubeiro/eira industrial de industria pesada.

No tocante ás ensinanzas deste módulo transversal centraranse, ademáis de dar a formación necesaria para que comprendan o funcionamento dunha empresa, de cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta aldea. en espertar o espíritu emprendedor do noso alumnado, pensando nunha boa idea de negocio e explicando as ferramentas necesarias para pola en marcha, os trámites, as axudas das que dispón, así como os riscos e as vantaxes do autoemprego, e que aprendan como sería a realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade do ciclo, coa estructura básica que debe ter e o contido de cada apartado e/ou contido de área conforme se irá desenvolvendo os

contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe de cada unidade.

A formación do módulo permite alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e demandas do mercado laboral para xestionar a súa carreira profesional.
- Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado para crear e xestionar unha pequena empresa.

Por otra banda, permite acadar as competencias profesionais, persoais e sociais seguintes:

- Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacíons laborais que se orixinan por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e de responsabilidade.

O módulo desenvólvese no 4º e 5º trimestres (2º curso) do citado ciclo formativo. Ten unha duración total de 53 horas, o que supón 63 sesións de 50 minutos cada unha

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descripción | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|--|--------------------|----------|
| 1 | A iniciativa emprendedora | A cultura emprendedora. O espírito emprendedor. A idea de negocio. | 12 | 19 |
| 2 | A empresa e a súa contorna | Funcións básicas da empresa. A estrutura organizativa. O entorno empresarial. A responsabilidade social da empresa | 12 | 19 |
| 3 | A creación e posta en marcha dunha empresa | Formas xurídicas das empresas. Trámites para a constitución e posta en marcha. | 7 | 11 |
| 4 | O marketing | O estudio de mercado. Os clientes e a competencia. Marketing mix. | 10 | 16 |
| 5 | A documentación comercial | Os procesos administrativos na empresa. Documentos comerciais. | 6 | 10 |
| 6 | A fiscalidade na empresa | Obrigas e calendario fiscal. | 4 | 6 |
| 7 | O financiamento na empresa | Plan de investimentos e gastos. Fontes de financiación. | 5 | 8 |
| 8 | A contabilidade na empresa | O plan financeiro. Equilibrio da estrutura financeira | 7 | 11 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------------|----------|
| 1 | A iniciativa emprendedora | 12 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade. | SI |
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Identifícone o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos. |
| CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social. |
| CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora. |
| CA1.4 Analízárónse as características das actividades emprendedoras no sector da soldadura e caldeiraría. |
| CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora. |
| CA1.6 Valorárónse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade. |
| CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da fabricación mecánica, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial. |
| CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa. |
| CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing. |
| CA2.12.2 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Innovación e desenvolvimento económico. Principais características da innovación na actividade de soldadura (materiais, tecnoloxía, organización da producción, etc.). |
| A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. |
| Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración. |
| A actuación das persoas emprendedoras no sector da fabricación mecánica. |
| O risco como factor inherente á actividade emprendedora. |
| Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social. |
| Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. |
| Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da fabricación mecánica. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 2 | A empresa e a súa contorna | 12 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego. |
| CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas. |
| CA2.3 Identifícaronse os principais componentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. |
| CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico. |
| CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de soldadura e caldeiraría en función da súa posible localización. |
| CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial. |
| CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa soldadura e caldeiraría e describiríronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen. |
| CA2.8 Identifícaronse, en empresas de soldadura e caldeiraría, prácticas que incorporen valores éticos e sociais. |
| CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais. |
| CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais. |
| CA2.11 Describiríronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de soldadura e caldeiraría, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial. |
| CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing. |
| CA2.12.2 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións. |
| Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de soldadura e caldeiraría: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. |
| Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de soldadura e caldeiraría: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia. |
| Localización da empresa. |
| A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial. |
| Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable. |

Contidos

Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descripción dos elementos e estratexias do plan de producción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 3 | A creación e posta en marcha dunha empresa | 7 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial. |
| CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio. |
| CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da fabricación mecánica. |
| CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida. |
| CA3.5 Diferencíouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa. |
| CA3.6 Identifícaronse os trámites esixidos pola legislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica. |
| CA3.7 Identifícaronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa. |
| CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de soldadura e caldeiraría tendo en conta a súa localización. |
| CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Formas xurídicas das empresas. |
| Responsabilidade legal do empresario. |
| A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. |
| Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. |
| Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. |
| Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de soldadura e caldeiraría. |
| Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 4 | O marketing | 10 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. | NO |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing. |
| CA2.12.1 Describiríronse os conceptos e elementos do márketing |
| CA2.12.2 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Descripción dos elementos e estratexias do plan de producción e do plan de márketing. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------------|----------|
| 5 | A documentación comercial | 6 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. | NO |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

4.5.e) Contidos
Contidos

Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de soldadura e caldeiraría: documentos administrativos e documentos de pagamento.

Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------------------|----------|
| 6 | A fiscalidade na empresa | 4 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. | NO |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa soldadura e caldeiraría, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións) |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 7 | O financiamento na empresa | 5 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha. | NO |
| RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. | NO |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións. |
| CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analízouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial. |
| CA4.5.1 Describiríense os elementos do plan financeiro dunha empresa |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións. |
| Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da fabricación mecánica. |
| Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira. |

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 8 | A contabilidade na empresa | 7 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación. | NO |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.1 Analízaronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais. |
| CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa. |
| CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial. |
| CA4.5.2 Elaborouse o plan financeiro do plan de empresa, analizando a viabilidade do proxecto |

4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Concepto e noções básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais. |
| Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa. |
| Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira. |

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de avaliação estarán basados nos seguintes instrumentos de avaliação co seguinte peso na nota final de cada avaliação:

- EXAMES/PROBAS TEÓRICAS ESCRITAS:

Como instrumento de avaliação empregaranse probas de coñecemento, mediante probas obxectivas, teóricas e prácticas, que terán unha ponderación na nota final dun 70%. Realizaráse alomenos unha proba escrita por avaliação que pode incluir preguntas test, preguntas de desenvolvemento ou supostos prácticos relativos aos contidos traballados en cada avaliação, valorándose de 0 a 10 puntos cada proba.

Esixiráse unha cualificación de como mínimo 4 puntos sobre 10 nas probas escritas da avaliação para poder facer media con outras probas escritas da mesma avaliação e obter a cualificación de aprobado nesta parte, ponderando finalmente a media resultante en base ao criterio anteriormente citado. Se a cualificación dun exame resulta inferior a 4 puntos ou non se realiza algún exame, a avaliação estará suspensa, con independencia das notas obtidas noutros exames da mesma avaliação e con independencia das cualificacións obtidas nos apartados de traballose actitude.

- TRABALLOS /EXERCICIOS PRÁCTICOS:

En cada unha das avaliações establecerase a entrega de alomenos un trabalho (parte do Proxecto Empresarial realizada ata o momento) e/ou de supostos prácticos, que será cualificado de 0 a 10 puntos. Se non se presentan os trabalho/exerciciose se acada unha nota mínima de 4 ou coa parte de probas obxectivas non chega a cinco a avaliação estará suspensa.

Os traballos, individuais ou en equipo, que poderán ser cuestionarios, preguntas de resposta curta, traballos de investigación,, exercicios prácticos serán encomendados para a súa entrega en plazo a través da aula virtual preferentemente , admitindose a entrega en man excepcionalmente en función dos recursos e acceso a internet do alumnado, e terán un peso na nota final de cada avaliação dun 30%.

Unha vez realizada a media das notas de tódolos traballos/exercicios presentados nunha avaliação ponderarase a mesma conforme aos criterios establecidos anteriormente. Segundo a ponderación na cualificación das diferentes UD's, instrumentos de avaliação e trimestres, as probas escritas representan o 70% e as probas de producción o 30% da nota final resultante, tal e como se amosa a continuación:

UD PESO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

| 1º trimestre | | 56% |
|--------------|-------|--------------------|
| 1 | 11% | Proba escrita |
| 2 | 22,5% | Proba escrita (2) |
| 3 | 11% | Proba escrita |
| 4 | 11% | Proba escrita |
| 2º trimestre | | |
| 5 | 11% | Proba escrita 44% |
| 6 | 11% | Proba escrita |
| 7 | 22,5% | Probas escritas(2) |
| 8 | | |

TOT. 100%

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Actividades de recuperación para as unidades didácticas nas que o rendemento do alumno non amosou a adquisición do nivel mínimo dos resultados de aprendizaxe implicados:

Cando algúm alumno suspenda unha avaliación, poderá recuperala ao longo do curso. A recuperación terá lugar, mediante unha proba obxectiva sobre a materia pendente, ao longo da avaliación seguinte. Estas probas, cualificaranse segundo o establecido no punto 5 desta programación. De non acadar un 5 nesta probas, o alumnado terá unha derradeira oportunidade antes do remate do curso.

2. Actividades de recuperación da totalidade do módulo ou ben de parte do mesmo, ao final do período lectivo: estableceranse actividades para o 3º trimestre de curso, período ordinario de FCT e podería haber unha proba final no mes de xuño, coincidindo coa realización das probas ao alumnado que teña perda de avaliación continua

Estas actividades estarán dirixidas aos estudiantes que non teñan acadado os mínimos esixibles nin durante as avaliacións parciais ao longo do curso, nin durante as recuperacións parciais.

A avaliación terá lugar no mes de xuño, coincidindo co alumnado que teña perda de avaliación continua e consistirá nunha proba escrita obxectiva sobre os contidos mínimos esixibles do módulo (unicamente aqueles que non se tiveran superado ao longo do curso), que representa o 70% da nota final, e na entrega dos exercicios e/ou plan de empresa, que representa o 30% da nota final. Para aprobar será necesario obter unha nota parcial mínima de 5 na proba escrita, así como una nota global de 5 ou superior.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas a partir do cal se produce a perda do dereito á avaliación continua no módulo de EIE será do 10 % respecto da súa duración total, o que suporá o dez por cento de 53 horas que serían 63.6 sesiós de cincuenta minutos, é dicir, seis.

Neste caso o sistema de avaliación deste alumnado consistirá nunha proba escrita ao final do curso, e sempre antes da avaliación final do mes de xuño, de contido teórico-práctico:

-A. Exame, que será no mesmo día que o do alumnado que non superara o módulo no período ordinario, representará o 70% da nota final e que terá preguntas teóricas e prácticas. Para aprobar este exame é requisito imprescindible obter unha nota mínima de cinco.

-B. Entrega de exercicios prácticos e /ou plan de empresa,, que representará o 30% da nota final.

A superación do módulo esixe obter unha nota global de 5 ou superior. Os criterios de avaliación serán os establecidos con carácter xeral para todo o alumnado, na presente programación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

1. O docente realizarán a título individual mensualmenteO seguimento da programación será realizado utilizando a aplicación "Seguimento das programacións" que se encontra na ligazón <https://www.edu.xunta.es/programacions/>. Para o mesmo e a avaliación da propia práctica docente, cada mes a profesora realizará un análise do cumplimento dos obxectivos plantexados nesta programación por parte do alumnado e o axeitado ritmo no desenvolvemento da mesma que permita realizar todo o programado ó longo do curso. No caso de que se detecten problemas, tanto na adquisición dos obxectivos por parte do alumnado como no ritmo das clases, faranse modificacíons na programación, que serán recollidas na memoria de fin de curso co obxecto de mellorar a programación e axustala á realidade de cara ó vindeiro curso.
2. Mensualmente, nas reunións do departamento de F.O.L. realizarase un seguimento da programación, deixando constancia de posibles modificacíons nas actas de reunión do departamento.
3. Na memoria de fin de curso incluiranse todas estas modificacíons, así como a valoración que o departamento faga sobre a idoneidade da metodoloxía empregada así como dos materiais curriculares e didácticos.
4. A práctica docente avaliarase a través de cuestionarios que poderán cumplimentar os alumnos e alumnas a final de curso e/ou trimestralmente e nos que poidan expresar as súas opinións sobre posibles melloras a introducir.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso a docente facilitará ao alumnado un cuestionario con preguntas sobre coñecementos previos do módulo (engadido nun subapartado do apartado 10 desta programación), ademais de incluir nunha ficha do alumnado outras circunstancias do alumnado relevante para o proceso de ensino aprendizaxe, como os estudos anteriores ou as posibilidades de conexión e medios informáticos ao seu alcance.

Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención á participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar, ademáis de ter en conta a información proporcionada polos titorías respecto ás posibles circunstancias adversas persoais, familiares ou de saúde.

As conclusóns acadadas sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado, por iso concíbese de forma aberta e flexible posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Có obxectivo de conseguilo as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como o fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais.

Por outra banda colaborarase có departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas dos alumnos así como nas pautas de actuación a seguir se se dera o caso.No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo ou da adaptación curricular.

En todo caso, a cualificación do alumno realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados cos resultados de aprendizaxe que permitan o logro da competencia xeral característica do Título. Deste xeito, calquera adaptación do currículo en función das necesidades educativas do alumnado estará dirixida, non aos elementos prescriptivos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) senón á modificación doutros aspectos que poden mellorar o rendemento destes alumnos, como o respecto ós ritmos de aprendizaxe, á selección de distintos materiais, actividades variadas, propostas de avaliación diferentes, adecuación dos tempos e dos espazos, etc.

En calquera caso e desde o primeiro momento, a través da avaliación inicial e coa colaboración do seminario de Orientación, este departamento traballará coa finalidade de identificar de xeito adecuado o nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno. O obxectivo será poder detectar posibles carencias ou dificultades que se poidan presentar no seguimento, por parte do alumnado, da programación do módulo correspondente.

As medidas de reforzo educativo pasarán (ademas dos reforzos que se podan ofrecer no transcurso normal das clases) polo asesoramento extra, ó alumnado con dificultades, nas horas de titoría e nos recreos, e co suministro de material educativo complementario (apuntamentos, casos prácticos, etc) eminentemente de carácter práctico.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A finalidade da educación é o desenvolvimento integral do alumnado. Isto supón atender non só ás capacidades cognitivas ou intelectuais do alumnado senón tamén ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social. A formación ético-moral xunto coa formación científica debe posibilitar esa formación integral.

A lexislación educativa estableceu os currículos das distintas etapas educativas e neles os ensinos ou temas transversais que deben estar presentes nas diferentes áreas.

O carácter transversal fai referencia a diferentes aspectos:

- Os temas transversais abranguen contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado desde a complementariedade.
- Non poden suscitarse como un programa paralelo ao desenvolvimento do currículo senón inxerido na dinámica diaria do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro. En todas as áreas dos módulos deste departamento teñen que estar presentes uns temas que denominamos transversais, que se vertebran como fundamentais para garantir unha completa formación do alumnado no plano profesional e persoal.

Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal:

- Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidad de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral., O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os/as compañeiros/as e a empresa en xeral.
- Educación multicultural. A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e resulta máis urgente polos brotes de xenofobia observados ante a crecente presenza de inmigrantes. Os obxectivos serán despertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respeito e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.
- Educación do consumidor. A finalidade é adquirir esquemas de tomas de decisión que consideren todas as alternativas e as consecuencias a nivel individual, social, económico e medioambiental. Tamén se procurará desenvolver o coñecemento dos mecanismos básicos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e o xeito de facelos efectivos. O obxectivo en definitiva, é crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación para a igualdade. Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia que este asunto ten no mundo da empresa; o home e a muller deben de ter igualdade de oportunidades no ámbito laboral, tanto dende o punto de vista da percepción da retribución, como das opcións das oportunidades de traballo, a promoción profesional como a o dereito á conciliación da vida familiar e laboral. Esta cuestión irase

desenvolvendo ó longo do curso e do temario,. Ademais este aspecto fomentarase valorando por igual os criterios aportados polo alumnado, evitando termos sexistas e analizando criticamente contidos que posúan carácter discriminatorio, como pode ser a publicidade que emprega a muller como símbolo sexual.

- E traballarase sobre a base de outros aspectos relacionados coa educación moral e cívica, educación para a paz, educación ambiental, educación viaria, educación para o desenvolvemento e para o uso correcto das novas tecnoloxías da información e a comunicación

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares e complementarias que se realicen ó longo do curso académico, serán establecidas de común acordo co resto de profesorado do Ciclo Formativo, a maioria delas xa están programadas inicialmente e que figuraran no proxecto de Centro e organizaránse as que poidan xurdir e sexan de interese para o alumnado, así como tamén se fomentará a participación en calquera outra proposta polo centro

O departamento colaborará coas actividades do Departamento de Orientación Profesional e o Departamento de fabricación Mecánica de carácter xeral e en particular as relacionadas con este módulo.

Ao longo do curso tentarase programar diversas actividades complementarias sempre que sexa posible e que poderían incluir:

- Un obradoiro para o achegamento á economía social e ao cooperativismo.
- Unha visita a unha industria do sector como Aluminios Cortizo, S.A., onde poidan visitar os distintos departamentos/áreas das instalacións e recibirán un taller de empregabilidade.
- Unha xornada cun relatorio sobre emprendemento e visita a un dos viveiros da Deputación de Pontevedra, o máis axeitado consideramos que é o instalado no Polígono de Barro.
- A asistencia a algúns eventos sobre emprendemento educativo coma "INNOVA FP".
- Xornadas técnicas impartidas por profesionais na materia ou a realización de talleres prácticos ou relatorios sobre diversos contidos da materia que poidan xurdir

Ainda que algunhas delas teñen que ser en quenda de mañá polos horarios das organizacións, tratárase na medida do posible de organizar actividades en horario do alumnado para posibilitar a súa asistencia ás mesmas, posto que están coa formación práctica nas empresas de mañá, alomenos a algunhas.

10. Outros apartados

10.1) CUESTIONARIO COÑECIMENTOS PREVIOS ESPECÍFICOS

Este cuestionario ten como único obxectivo coñecer a cultura xeral do alumnado (coñecementos por medios de comunicación, lecturas propias, derivados da súa experiencia laboral, etcétera) no referente a conceptos relacionados co módulo. Non fará parte da cualificación do módulo.

PREGUNTAS:

1. Sabes cal é a orixe do que se denomina un intraemprendedor?
2. Que tipos de sociedades coñeces?
3. Para que serve un plan de empresa?
4. Sónache algún dos seguintes teóricos?
Shumpeter, knight, Galbraith, Adam Smith
5. Sabes algúnsa diferencia entre sociedade anónima e responsabilidade limitada?

6. Que unha análise DAFO?
7. Di a característica principal dun mercado de oligopolio
8. Coñeces o concepto marketing-mix? Sabes a que se refire
9. Cando falamos de ciclo de vida dun produto, a que nos estamos a referir?
10. Que é un organigrama?
11. É o mesmo un tributo que un imposto? (Tenta razoar a resposta)
12. Que significan as seguintes siglas:
 - IRPF:
 - IVA:
 - IAE:
13. Sabes o que sería precios gancho?
14. Poderías poñer un exemplo dunha técnica de merchandising?
15. Que é unha franquicia?
16. Oches falar da tarifa plana do autónomo? Sabes a que se refire?
17. Que indican as expresións:
 - NIF:
 - CIF:
18. Que é unha amortización?
19. Que significan as expresións: activo e pasivo referentes á contabilidade dunha empresa?
20. Para que serve un albará?

10.2) RECURSOS:LIBRO DE TEXTO E OUTROS

LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO:

Utilizarse como libro de texto recomendado:

- Bruno Jesús García González, Julia Muñoz Gil y Esther Bernabeu García (edición 2022) Empresa e Iniciativa Emprendedora. Ed. TuLibroDeFP ISBN 978-84-16812-65-3

OUTROS LIBROS DE CONSULTA:

- Álvarez Martínez, J.C.; Herráez Vidal, P. e Prieto García, M.A. (2022): Empresa e iniciativa emprendedora, Madrid: McMillan.
- Caldas, M.E.; Carrión, R. e Heras, A.J. (2021): Empresa e iniciativa emprendedora, Pozuelo de Alarcón: Editex.
- Salinas Sánchez, J.M.; Alonso Sánchez, A. e Gándara Martínez, F.J. (2021): Empresa e iniciativa emprendedora, Barcelona: McGraw-Hill.
- VV AA (2021): Empresa e iniciativa emprendedora, Barcelona: Edebé.

WEB PARA CONSULTAR LEXISLACIÓN:

https://boe.es/legislacion/codigos/codigo.php?id=035_Codigo_de_Comercio_y_legislacion_complementaria&modo=1

Páxinas web de consulta:

<http://www.igape.es/gl/>

<http://www.bicgalicia.org/>

<http://www.emprenderesposible.org/>

<http://www.emprededores.es>

<http://www.infoautonomos.com>

10.3) PLANO DE EMPRESA

Dadas as características deste módulo e o grado do ciclo, e tendo en conta o momento de especial dificultade na situación económica e as características de complexidade do sector, de gran peso na zona, maioritario e de media e grande dimensión nas empresas existentes, o alumnado poderá realizar un plano de empresa en base a unha idea de negocio escollida por eles, sen ter porque ser necesariamente do sector do metal, pero sí que achen algunha relación directa ou indirecta e/ou realizar os distintos apartados que debería ter o plan de empresa aplicados a distintas actividades. Aínda fomentando que creen unha empresa dedicada a actividades do seu sector, non sendo requisito ineludible polo xa mencionado.

Por outra banda, aqueles que o fagan a empresa poderá ser individual (unha única persoa), mais tamén pode ser unha sociedade ou unha cooperativa. No caso de formar un grupo de promotores, o número máximo deles será de catro